




Manual do Sistema de Garantía de Calidade

Facultade de Física

3ª edición



Identificación do centro

Centro	Facultade de Física
Responsable	Elena López Lago
Enderezo	Avda. Suárez Núñez, Campus Universitario Sur, Santiago de Compostela
Correo electrónico	fisica.decanato@usc.es
Teléfono	881813954

Historial de revisións

Número	Data	Principais modificacións
00	21/12/2009	Edición inicial
01	31/05/2013	Simplificación documental: creación do Manual Simplificado do SGIC e revisión de algúns procesos e procedementos.
02	03/10/2014	Modificación dos indicadores e informes dispoñibles dentro do SGC
03	15/07/2019	Actualización do Manual do SGC da Facultade de Física:

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Elaborado por	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	19/02/2018
Aprobado por	Comisión de Calidade e Planificación	22/02/2018
Modificado por	Comisión de Calidade e Docencia da Facultade de Física	19/02/2019
Aprobado por	Xunta de Facultade de Física	22/02/2019
Aprobado por	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno	15/07/2019

Índice

1	A facultade/escola.....	3
1.1	Presentación.....	3
1.2	Organigrama.....	4
1.3	Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.....	4
1.4	Regulamentos e normas.....	5
2	Alcance do Sistema de Garantía de Calidade.....	6
3	Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade.....	7
3.1	Equipo decanal (ED).....	7
3.2	Comisión de Calidade e Docencia da Facultade de Física (CCDC).....	7
3.3	Responsable de calidade do centro (RCC).....	8
3.4	Comisión/s de título/s.....	8
3.5	Coordinador/a de título (CT).....	10
3.6	Coordinador/a de Calidade.....	10
4	Mapa de procesos.....	10
5	Indicadores e informes.....	0
6	Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit.....	1
	Anexo I. Política de calidade.....	2

1 A facultade/escola

1.1 Presentación

A Facultade de Física ten a súa orixe no denominado Departamento de Física Fundamental, integrado na antiga facultade de Ciencias a partir da cal xurdiron as actuais facultades de Ciencias Experimentais da Universidade de Santiago de Compostela (USC en adiante). No curso 1976/77 creouse, a partires do mesmo, a Sección de Física, e uns meses despois a Facultade de Ciencias dividiuse en tres facultades, a Facultade de Química, a Facultade de Matemáticas e a Facultade de Bioloxía, quedando a sección de Física integrada na Facultade de Química (O.M. do 14 de outubro de 1977). Non foi ata o ano 1981 cando a sección de Física se transforma na Facultade de Física (O.M. do 21 de xullo de 1981).

A estrutura departamental, tal e como a entendemos hoxe en día, creouse no curso 1985/86 a raíz da implantación da LRU, aínda que sufriu varias modificacións posteriores. Dende 1991 a Facultade estivo organizada en 4 departamentos (Física de Partículas, Física da Materia Condensada, Física Aplicada e Electrónica e Computación), estrutura que se mantivo ata o 14 de Febreiro do 2011, data na que o Departamento de Electrónica e Computación se escinde da Facultade de Física e se adscribe a Escola Técnica Superior de Enxeñaría. Recentemente, por acordo do Consello de Goberno do 1 de marzo de 2016 o Departamento de Física da Materia Condensada integrouse no Departamento de Física de Partículas, quedando a facultade organizada en dous departamentos integrados cada un polas seguintes áreas de coñecemento:

- Departamento de Física Aplicada: Física Aplicada, Óptica, Electromagnetismo e a área propia Optometría
- Departamento de Física de Partículas: Física Atómica, Molecular e Nuclear; Física Teórica e Física da Materia Condensada.

A sede inicial da Facultade de Física estaba no edificio actual da Facultade de Química e permaneceu alí ata o ano 1986, cando se inaugurou o novo edificio da Facultade e sede actual. O crecemento da Facultade nos anos seguintes propiciou a ampliación das súas dependencias, tanto das destinadas a docencia coma a investigación: xa no ano 1988 péchanse os baixos dos dous bloques laterais (Bloques I e III) e ampliase cara atrás o módulo central (Bloque II). Creáronse así despachos para acoller ao persoal da facultade e varias aulas de maior capacidade que as existentes, que permitiron albergar a todos os alumnos. No ano 1994, cédense á Facultade de Física uns locais do Monte da Condesa (Bloque IV) e case 20 anos despois, con data de 3 de novembro de 2011, a Vicerreitoría de Infraestruturas e Economía cedeu a competencia orgánica e funcional dos locais ocupados polo antigo Instituto de Cerámica (Bloque V) á Facultade. Estas novas instalacións paliaron, aínda que non resolveron, os problemas de infraestruturas derivados das necesidades docentes, consecuencia da alta demanda das titulacións de grao, e de investigación actuais, consecuencia do crecemento das estruturas de investigación nas que se integra o persoal dos departamentos con sede na Facultade; tal é o caso do Instituto Galego de Altas Enerxías, recoñecido coa etiqueta de excelencia María de Maeztu no ano 2017, e da Agrupación Estratéxica AEMAT.

No curso 1981/1982 comezou a ofertarse a Licenciatura en Física. A estrutura orixinal sufriu varias modificacións con motivo das reformas do plano de estudos que se acometeron nos anos 1993, 2000 e 2009, esta última no marco da adaptación ao EEES (RD 1393/2007) que culminou coa implantación completa da titulación de Grao en Física (curso 2010/11) e de varias titulacións de máster que debido a requisitos especificados na lexislación autonómica se viron forzados a fusionarse. Actualmente, a Facultade de Física ten adscritas dúas titulacións de máster: Máster en Física, declarado excepcional pola Xunta de Galicia, e Máster en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Sustentabilidade Enerxética. Dende o curso 2015/16 a Facultade de Física oferta as dobres titulacións de Matemáticas e Física e Física e Química.

Segundo consta nos arquivos da universidade nos últimos 37 anos egresaron arredor de 3300 estudantes, a razón de 85 por ano, empregados nos distintos sectores como os tradicionais, docencia e investigación, e tamén nas administración públicas, no entorno empresarial, no mundo das finanzas, nas consultoras ou na sanidade.

O dinamismo da Facultade reflíctese tamén nos estudos de Doutoramento nos que participa, coma na formación de investigadores. Como dato ilustrativo pódese apuntar que ó longo destes 37 anos, defendéronse unhas 477 teses doutorais, que se corresponden cun promedio de 13 teses/ano.

1.2 Organigrama

O equipo decanal da Facultade de Física está constituído por:

- Decano/a
- Os/As Vicedecanos/as
- Secretario/a

O/A decano/a é o órgano unipersoal de dirección executiva e de xestión do Centro. Representa á Facultade, preside os seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Os/As vicedecanos/as son nomeados polo/a reitor/a a proposta do/a decano/a entre os membros da Comunidade Universitaria da Facultade con vinculación a tempo completo. As súas funcións específicas son definidas polo/a decano/a. En ausencia do/a decano/a, realizará as súas funcións o/a vicedecano/a en quen aquel delegue.

O/A secretario/a da Facultade é quen da fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración da facultade. Pode ser profesor/a a tempo completo ou funcionario/a dos subgrupos A1 e A2, e é nomeado/a polo reitor/a a proposta do decano/a. Ten as competencias que se lle atribúen nos Estatutos da Universidade. Levantará acta de todas as sesións da Xuntade Facultade que incluíra os asistentes, acordos literais e mencións expresas.

Corresponderalle ao equipo decanal a xestión diaria da Facultade, respondendo da mesma no Pleno da Xunta.

1.3 Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.

De acordo cos estatutos da USC, os órganos de goberno da facultade de Física son:

- Xunta de Facultade.
- Comisións Delegadas da Xunta de Facultade:
 - a) Comisión Académica do Grao en Física.
 - b) Comisión Académica do Máster en Física.
 - c) Comisión de Infraestruturas e Asuntos Económicos.
 - d) Comisión Académica do Máster en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Sustentabilidade

Enerxética.

As funcións e composición da Xunta de Facultade e das comisións delegadas están reguladas polo Regulamento de Réxime Interno da Facultade. Nas Comisións Delegadas, o/a secretario/a do centro actúa como secretario.

- Comisión de Calidade e Docencia.
- Outras Comisións:
 - a) Comisión de Tráballo Fin de Grao.
 - b) Comisión de Coordinadores de Laboratorios.
 - c) Comisión de Biblioteca.
 - d) Comisión de Normalización Lingüística.
 - e) Comisión de Igualdade de Xénero.
 - f) Comisión de Actividades Culturais.
 - g) Comisión de Honras e Distincións.
 - h) Comisión de Biblioteca Intercentros.

As funcións destas comisións están recollidas no Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Física excepto:

- i. As funcións da Comisión de Tráballo Fin de Grao que poden consultarse no Regulamento de Tráballo Fin de Grao.
- ii. As funcións da Comisión de Honras e Distincións que se recollen no Regulamento de Honras e Distincións
- iii. As funcións da Comisión de Biblioteca Intercentros poden consultarse no enlace <https://www.usc.es/gl/normativa/investigacion/regbibliotecausc.html>.

As composicións de todas as comisións do centro poden consultarse no seguinte enlace: <http://www.usc.es/gl/centros/fisica/gobernofacultade.html>.

1.4 Regulamentos e normas

A facultade de Física conta con normas e regulamentos que rexen os procesos académicos e de Xestión que en cada caso corresponden:

- Regulamento de Réxime Interno da facultade de Física (RRI)
- Regulamento de Cualificacións da facultade de Física (do grao)
- Regulamento de asignación de Locais da facultade de Física
- Regulamento de TFG/TFM da facultade de Física
- Regulamento de Prácticas Externas da facultade de Física

- Regulamento de Honras e Distincións da facultade de Física

A normativa e regulamentos desenvolvidos pola Facultade de Física atopasen nos seguintes

enlaces: <http://www.usc.es/gl/centros/fisica/normativa/index.html>

<http://www.usc.es/gl/centros/fisica/documentos.html>

2 Alcance do Sistema de Garantía de Calidade

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Física alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas (alumnado, persoal docente e de apoio) vinculadas a ela.

En conxunto, o SGC da facultade de Física contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

Ciclo de mellora da formación universitaria




Figura 1. Adaptación propia a partir da "Guía para el diseño de SGIC de la formación universitaria. Programa AUDIT. ANECA"

3 Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade

3.1 Equipo decanal (ED)

O equipo decanal da facultade de Física, e en particular o seu decano/a como principal responsable, actúa como corresponde á dirección de calquera organización comprometida co desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora dun sistema de xestión da calidade.

Respecto ao SGC, as funcións principais son as seguintes:

- Definir a planificación estratéxica do centro, concretada a través do plan estratéxico (PE) e a memoria de calidade do centro (MCC).
- Comprometerse coa política e obxectivos de calidade do centro, dándolles a difusión oportuna entre os grupos de interese.
- Liderar o desenvolvemento, a implantación, revisión e mellora do SGC do centro.
- Nomear ao responsable de calidade do centro, sempre que o/a decano/a ou director/a non asuma as competencias.
- Propoñer á xunta de facultade para a súa aprobación a composición da Comisión de Calidade do Centro e, no seu caso, as das comisións de título no marco das normas que determinan a súa composición.
- Garantir o bo funcionamento do SGC do centro.
- Informar a todas as persoas do centro do SGC e dos cambios que nel se realicen.
- Garantir que todas as persoas do centro teña acceso aos documentos do SGC que lles sexan de aplicación.
- Informar á xunta de facultade dos traballos e acordos da Comisión de Calidade do Centro.
- Presentar á xunta de facultade para a súa aprobación, a memoria de calidade do centro (MCC)

3.2 Comisión de Calidade e Docencia da Facultade de Física (CCDC)

A Comisión de Calidade e Docencia da facultade de Física (CCDC) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do centro, actuando ademais como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros.

Serán membros da CCDC:

- Decano/a que a presidirá.
- Vicedecano/a.
- Secretario/a da Facultade que actuará como secretario/a.
- Responsable de calidade do centro (RCC).
- Coordinador/a de calidade (se é o caso).
- Coordinadores/as de titulación/s das que o centro é responsable.
- 1 representante do PDI de cada área de coñecemento dos departamentos con sede na facultade que imparta docencia nas titulacións das que o centro é responsable.
- 1 representante das áreas externas con docencia asignada nalgunha titulación das que a facultade é responsable que debe cumprir o requisito de ser membro da Xunta de Facultade de Física.
- O/ A responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.
- 1 alumno/a, preferiblemente alumno/a-titor/a, proposto polos representantes do alumnado na Xunta de Facultade.

Ademais, o/a decano/a cando o considere oportuno pode propoñer outros membros á xunta de centro para o bo funcionamento do SGC, mesmo con voz e sen voto.

A CCDC reunirse coa periodicidade marcada na súa planificación, cando menos unha vez en cada semestre, e levantará acta de cada unha das sesións, facendo públicas as decisións tomadas a través da publicación dos acordos adoptados

As funcións principais da CCDC son as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no centro.
- Elaborar a memoria de calidade do centro (MCC)
- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
- Realizar o seguimento dos resultados do centro.
- Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
- Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións académicas de título.
- As funcións da Comisión de Calidade e Docencia no ámbito da docencia son todas as relacionadas cos asuntos académicos que sexan necesarias para o correcto desenvolvemento dos plans de estudos que non sexan competencia exclusiva da Xunta de Facultade e, en particular, a aprobación da planificación académica anual das titulacións que se imparten na Facultade (PDA, Horarios, Programacións Docentes, ...); e coñecer, informar e, se é do caso, resolver, sobre calquera conflito que puidera xurdir no desenvolvemento da docencia.

3.3 Responsable de calidade do centro (RCC)

O decano/a asume persoalmente as funcións relacionadas a continuación ou ben poderá nomear a un/a responsable de calidade do centro (RCC) entre os membros do equipo de dirección. Con independencia doutras funcións que se lle asignen no momento do seu nomeamento, as funcións básicas do/a RCC poden concretarse en:

- Coordinar o funcionamento da CCDC.
- Trasladar á CCDC e á/s comisión/s académicas de título/s a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese, así como de calquera outra relacionada con resultados que poida afectar á calidade da formación.
- Realizar propostas á CCDC para mellorar o SGC do Centro.
- Ser o/a interlocutor/a coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
- Atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en calidade para implantar os axustes e melloras do SGC nos centros aprobados pola Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en calidade e planificación.
- Dirixir a elaboración da memoria de calidade do centro.

3.4 Comisión/s de título/s

O centro conta con unha comisión académica de título para cada un dos seus títulos oficiais, de grao e mestrado. No caso de mestrados interuniversitarios deberán estar representadas as universidades que comparten o título.

As Comisións Académicas de Título están compostas, de acordo co Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado da USC e co RRI da facultade de Física do seguinte modo:

Membros da Comisión Académica do Grao en Física

- O/A responsable do centro ou persoa en que delegue, que a presidirá.
- O/A responsable de calidade do centro (RCC), en caso de ser distinto ao/á responsable do centro.
- O/A coordinador/a que será PDI do título.
- O/A secretario/a da facultade que actuará como secretario/a da comisión.
- Un mínimo de 4 e un máximo de 12 membros do PDI, que serán elixidos segundo o RRI do centro entre os docentes do título cunha representación proporcional á encarga lectiva das súas áreas de coñecemento e departamentos. En casos debidamente xustificados este número poderá ser maior.
- Os/as coordinadores/as de curso.
- O/A coordinador/a de Prácticas de Laboratorio.
- O/a responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.
- Un/unha estudante do título.

Membros da Comisión Académica do Máster en Física

- O/A responsable do centro ou persoa en que delegue, que a presidirá.
- O/A responsable de calidade do centro (RCC), en caso de ser distinto ao/á responsable do centro.
- O/A coordinador/a que será PDI do título.
- O/A secretario/a da facultade, que será o secretario da comisión.
- Un mínimo de 4 e un máximo de 12 membros do PDI, que serán elixidos segundo o RRI do centro entre os docentes do título cunha representación proporcional á encarga lectiva das súas áreas de coñecemento e departamentos. En casos debidamente xustificados este número poderá ser maior.
- Os/as coordinadores/as de especialidade
- O/a responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.
- Un/unha estudante do Mestrado.

Membros da Comisión Académica do Máster en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Sustentabilidade Enerxéticas

- O/A responsable do centro ou persoa en que delegue, que a presidirá.
- O/A responsable de calidade do centro (RCC), en caso de ser distinto ao/á responsable do centro.
- O/A coordinador/a do Mestrado que será PDI do título.
- O/a responsable da Unidade de Xestión de Apoio á Centros e Departamentos.
- Un/unha secretario/a, elixido/a entre os seus membros.
- 10 membros máis elixidos de acordo co establecido no Regulamento de Réxime Interno do Máster, que atenderán aos seguintes criterios:
 - Estarán representados proporcionalmente aos créditos impartidos os diferentes Departamentos e Institutos que interveñen no Mestrado, sempre que a carga lectiva do persoal docente e investigador que participa no mesmo supoña, como mínimo, o 4% do total.
 - Os representantes do profesorado deberán impartir docencia no Mestrado.
 - Dous membros deben ser estudantes do Mestrado.

Poderán participar (con voz pero sen voto) nas comisións académicas de título, cando así o demande a natureza do título, profesorado externo, egresados/as, profesionais ou representantes de colexios ou sociedades profesionais.

As comisións de título velarán polo funcionamento ordinario do título, terán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de grao e mestrado vixente en cada momento, así como outras que podan contemplarse no regulamento de réxime interno dos centros ou noutras normativas.

En relación co Sistema de Garantía de Calidade, entre as súas funcións cabe destacar as seguintes:

- Analizar a información proporcionada polo/a coordinador/a do título e o/a RCC para levar a cabo o seguimento do título.
- Realizar o seguimento periódico do título e elaborar os informes correspondentes.
- Realizar as propostas de mellora, derivadas dese seguimento, para o seu traslado á CCDC e a súa incorporación, de ser o caso, ao plan de melloras do centro.
- Elevar proposta, de ser o caso, de modificación ou supresión do título, se así se deriva do seu seguimento periódico.

3.5 Coordinador/a de título (CT)

Os/As coordinadores/as de título serán os responsables do título de grao ou mestrado, e serán nomeados/as polo/a reitor/a da USC.

Ostentarán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de grao e mestrado vixente, así como as seguintes funcións, entre outras, en relación co SGC:

- Velar para que os procesos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGC.
- Presentar á Comisión de Calidade e Docencia o informe de seguimento/acreditación ou de resultados de acordo co proceso *PC-05 Análise de resultados* e mellora dos programas, informándoa das actuacións da comisión académica de título: seguimento do título, valoración da súa eficacia e proposta de accións de mellora.
- Recompilar, xunto co RCC, todos os datos necesarios para que a comisión académica de título poida realizar as diferentes análises de resultados do título, establecer accións de mellora ou propostas de modificación ou supresión do título.
- Velar pola implantación das melloras da titulación aprobadas que sexan da súa competencia e impulsar a implantación daqueloutras que correspondan a outras instancias.

3.6 Coordinador/a de Calidade

Será a persoa nomeada polo decano/a do centro entre o PDI que non sexa membro do equipo de dirección para a realización de funcións de apoio ao Responsable de Calidade do Centro.

4 Mapa de procesos

O SGC concrétase en 8 procesos institucionais a través dos que a universidade asegura a calidade da súa oferta académica, a dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios e o enfoque á mellora continua.

A nivel de facultade concrétase en 13 procesos, cuxo desenvolvemento figura no manual de procesos do sistema.

Nivel institucional

Procesos institucionais

PI-01 Deseño, modificación e extinción de programas

PI-02 Auditoría interna

PI-03 Xestión dos recursos humanos

PI-04 Xestión dos recursos materiais e servizos

PI-05 Xestión documental

PI-06 Medición e mellora

PI-07 Xestión de incidencias (SQR)

PI-08 Satisfacción, expectativas e necesidades

Nivel de centro

Procesos estratéxicos

Planificación

PE-01 Planificación estratéxica

PE-02 Revisión e mellora

Procesos clave

Organización e desenvolvemento dos programas

PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación

PC-02 Planificación das ensinanzas

PC-03 Apoio a estudantes

PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas

PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

Procesos de soporte

Xestión dos recursos

PS-01 Xestión dos recursos humanos

PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos

Xestión de apoio ao sistema

PS-03 Xestión documental

PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades


PS-05 Xestión das incidencias (SQR)

Información pública e transparencia

PS-06 Información pública

O seguinte gráfico recolle o mapa de procesos integrados no SGC e as súas relacións:

MAPA DE PROCESOS



5 Indicadores e informes

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) será a responsable de proporcionar os indicadores e informes establecidos no proceso institucional *PI-06 Medición e mellora*.

Desde a ACMP definiranse anualmente os indicadores e informes a empregar. A lista de indicadores e informes será remitida aos centros e estará dispoñible na páxina web.

O centro podería engadir indicadores propios de consideralo necesario.

6 Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit

A continuación recóllese a relacións entre os procesos establecidos no sistema e as directrices Fides-Audit sobre deseño de sistemas de garantía de calidade:

Procesos do sistema		Directrices Fides-Audit					Información pública
		Política e obxectivos de calidade	Deseño revisión periódica e mellora dos programas formativos	Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	
Procesos institucionais	PI-01 Deseño, modificación e extinción de programas		X	X	X	X	X
	PI-02 Auditoría interna	X	X	X	X	X	X
	PI-03 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PI-04 Xestión dos recursos materiais e servizos					X	X
	PI-05 Xestión documental						X
	PI-06 Medición e mellora	X	X	X	X	X	X
	PI-07 Xestión de incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PI-08 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X
Procesos de centro	PE-01 Planificación estratéxica	X	X	X	X	X	X
	PE-02 Revisión e mellora	X	X	X	X	X	X
	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación		X	X			X
	PC-02 Planificación das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-03 Apoio a estudantes		X	X			X
	PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas		X	X	X	X	X
	PS-01 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos					X	X
	PS-03 Xestión documental						X
	PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X
	PS-05 Xestión das incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PS-06 Información pública	X	X	X	X	X	X

Anexo I. Política de calidade

Política de calidade da Facultade de Física

A Facultade de Física é, en Galicia, o **centro de referencia da Física a nivel nacional e internacional**:

- Pola súa **oferta formativa de calidade** e capacidade de produción de **científicos e profesionais de alto nivel**, con espírito crítico e ao servizo da sociedade.
- Pola súa **excelencia** en canto á xeración e transmisión de **coñecemento científico, tecnoloxía e innovación**.

Tal e como se reflicte no seu plano estratéxico, a visión da Facultade de Física consiste en afianzar o **recoñecemento**

- Do **alumnado e a comunidade universitaria**, como un centro excelente pola súa oferta académica, pola calidade do seu profesorado, pola súa xestión, innovación e espírito de mellora e pola capacidade de formación de alumnos para que desenvolvan a súa actividade profesional tanto no sector produtivo como no ámbito da docencia e investigación en centros nacionais e internacionais.
- Da **comunidade científica**, pola calidade da súa produción científica e a especialización e competencia dos seus graduados e doutores, pola actividade do seu persoal docente e investigador que desenvolve integrado en grupos, agrupacións, departamentos, institutos ou centros singulares de investigación.
- Da **sociedade**, por ser un centro docente e investigador de prestixio, por difundir a cultura científica, pola colaboración coas empresas, institucións e organismos públicos e privados para a creación e transferencia de coñecemento e polo seu compromiso co progreso, sostibilidade e o medio ambiente.

A Facultade de Física, polo seu carácter de centro de referencia na docencia e a investigación acadará este recoñecemento baseándose en:

- A procura da **excelencia científica** e o **rigor académico** individual e colectivo, a **innovación** e o **emprendemento**, con **flexibilidade** e **adaptación aos cambios**.
- O compromiso coa **transferencia de coñecemento** á sociedade como contribución ao seu desenvolvemento cultural, social e económico.
- A procura da **liberdade de pensamento e expresión**, o **espírito crítico**, a **curiosidade**, a **iniciativa** e a **comunicación**.

Estes son valores e principios compartidos coa institución á que pertence, a USC, que a Facultade de Física asume como propios, xunto a:

- O compromiso de **servizo á sociedade**, preservando e potenciando os nosos sinais de identidade.
- O compromiso co **desenvolvemento sostible** e a **igualdade**, coa eliminación de calquera discriminación.
- O compromiso coa **transparencia** e **eficacia** e unha xestión baseada na **participación** e o **diálogo**.
- O respecto aos dereitos de todas as persoas, os estudantes e os traballadores e traballadoras.

A Política de Calidade centrase no deseño de estratexias destinadas a corrixir as debilidades, afrontar ameazas, manter as fortalezas e explotar as oportunidades que aparecen recollidas no Plano Estratéxico da Facultade de Física:

Corrixir debilidades

- Reestruturar e organizar a oferta docente de acordo cos tempos actuais e o vixente marco normativo, especialmente no relativo aos mestrados.
- Traballar constantemente no mantemento, ampliación e mellora das infraestruturas e instalacións

Afrontar ameazas

- Planificar a captación e optimización dos recursos económicos e materiais.
- Intensificar os contactos con empresas e institucións dentro e fora dos límites da comunidade autónoma.
- Establecer sinerxías que permitan a captación de profesorado novo e crear condicións óptimas de traballo para o PDI e o PAS.

Manter fortalezas

- Consolidación e mellora da oferta e organización de grao, prácticas e mobilidade.
- Intensificar as actividades de divulgación e a relación coas etapas educativas anteriores, en particular o ensino medio.

Explotar Oportunidades

- Diseñar oferta docente de máster atractiva e estratexias efectivas de captación de alumnos.
- Establecer sinerxías que permitan desenvolver novas liñas de investigación punteiras e de interese para as empresas.
- Difundir o traballo da facultade na sociedade e acadar recoñecemento nacional e internacional.

A Facultade de Física e, polo tanto, o equipo decanal son conscientes da importancia concedida aos procesos de calidade na súa principal misión que é a formación de estudantes. Como eixo fundamental da súa política de calidade, a Facultade realizará os esforzos precisos para intentar satisfacer as necesidades e expectativas razoables dos seus estudantes, do seu persoal docente e investigador e do seu persoal de administración e servizos, sen esquecer ás dos órganos de goberno da Universidade e ás da sociedade en xeral. Para elo comprométese a un uso responsable dos recursos dispoñibles. Para implantar a cultura da calidade entendida como un proceso orientado á mellora permanente, a Facultade marcouse os seguintes obxectivos:

- Implantar eficientemente o Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC).
- Fomentar a participación dos grupos de interese, procurando que a Política de Calidade sexa entendida e aceptada por todo o persoal da Facultade.
- Difundir a Política de Calidade ao público en xeral.
- Impulsar a mellora continua das titulacións impartidas na Facultade, garantindo un nivel de calidade que asegure a súa acreditación, mediante a revisión sistemática dos indicadores establecidos no SGIC.
- Establecer unha recollida sistemática de información que tras a súa avaliación e revisión permita unha toma de decisións fundamentada e eficaz destinada á introdución de accións de mellora nos distintos procesos que contempla o SGIC.

O Decanato desta Facultade adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal a decana subscribe este documento de Política de calidade o día 22 de febreiro de 2019.

A decana,

M. Elena López Lago

(asinado electrónicamente)